

# Memoria sobre a nosa estancia en Brighton:

A viaxe que realizamos a Londres e Brighton ós pasados doce días foi unha experiencia única. Houbo moitas cousas que me gustaron, e outras que non foron como eu esperaba, pero aínda así a miña valoración global de toda a viaxe é máis que positiva. Agora centrareime nos días que estivemos en Brighton:

De todas ás actividades que fíxemos na nosa estancia na cidade de Brighton a que máis me gustou foi o show de Mrs Hoovers. Todo o espectáculo foi un non parar de risas, no que sen darnos totalmente de conta aprendemos un montón de inglés e de cultura británica. Penso que foi unha hora e media moi ben aproveitada por todos, inmersos na lingua inglesa e ademáis sen parar de rir. Xa podían ser así todas as clases de linguas extranxeiras! O que máis me gustou foi o ben que o actor facía o seu papel e co dobre sentido que falaba ao dirixirse ao público e facernos parte da súa actuación.

Outra actividade que me gustou moito foi o día que pasamos no Falmer School, xa que penso que foi cando máis inmersos en inglés estivemos, xa que ao non estar en familias non estivemos tan arodeados da súa cultura, pero penso que ese día si o estivemos. Ademáis disto, encantoume o instituto, moi diferente ao noso, polo seu inmenso tamaño, o número de estudantes que había, o lugar onde estaba situado, as actividades que realizamos...Dentro das diferentes clases que tivemos a que máis me gustou foi a de cociña, porque é algo que me gusta moito practicar e que nós nunca o facemos no instituto. Fíxoseme moi raro estar cos meus compañeiros nunha aula, e en vez de estar tomando apuntes ou facendo exercicios, estar cociñando. Tamén me gustou moito a clase de teatro, polo mesmo motivo que a de cociña, que non son actividades que nós fagamos como asignaturas, e tamén porque foi unha clase moi divertida na que xogamos e rimos moito.

As demais actividades poderíaaas ordenar en orde de preferencia do seguinte xeito:

- New Havent Fort: 7
- The Marina: 7
- Stanmer Park: 9
- Facer o circuito: 4
- Royal Pavilion 9
- Pintar as tazas: 8
- Criquet: 4
- Lewes: 7
- Anne Cleves Museum:8
- Festa de despedida: 9
- Scalextric:9

A outra parte do intercambio foi cando os ingleses estiveron nas nosas casas e fixemos actividades por Galicia para ensinarlles a nosa cultura.

Dentro desas actividades a que máis me gustou foi cando fomos a visitar á cidade de Lugo, como era xa o penúltimo día, coñecíamos máis ós nosos correspondentes e pasámolo moi ben xuntos. Ademais tivemos moito tempo libre, pero tamén fomos a uns moi interesantes e interactivos museos como o da muralla e o dunha casa romana. Tamén me gustou moito cando paseamos pola muralla, xa que tiñamos unhas vistas moi bonitas e xunto ós ingleses dicéramonos moito. Penso ademais que a eles tamén lle gustou moito esta actividade.

A que menos me gustou foi cando fomos a Noia porque pareceume un pouco aburrido o que nos explicaron unha chea de cousas e datas sobre diferentes igrexas e monumentos de Noia, que penso que non tiñamos demasiado interese en saber tantos detalles. Aínda así, o resto dese día foi moi divertido.

As demais actividades calificaríaa así:

- Día da praia: 8
- Día no instituto: 8
- Tour por Brión: 7
- Fin de semana libre: 9
- Festa de despedida: 8

A estancia da estudante inglesa na miña casa foi unha moi boa experiencia. Na miña familia non tivemos ningún problema con ela, falabamos moito, tamén os meus pais e irmáns, aínda que ela era un pouco tímida. Penso que se sentiu a gusto con nós, e nós tamén o estivemos con ela. Eu máis ela compartiamos habitación e falabamos moito, pasámolo moi ben xuntas.

Eu dentro deste proxecto penso que mellorei o meu inglés, sobre todo a soltura para falar inglés. Penso que se viu recompensado o noso traballo previo á experiencia e que este serviu para prepararnos a nós e recibir ós nosos compañeiros ingleses. Penso que practiquei o meu inglés, que esa era o máis importante, pero que o podía ter practicado máis.

O papel do grupo de profesorado foi algo moi importante. Fixeron un gran traballo para todos nós no que tiveron que empregar moito tempo, tamén fora do horario do instituto. Cando estivemos en Brighton penso que se portaron ben con nós, que nos berraron polo que tiveron que berrarnos pero tamén nos deixaron liberdade.

Por último podo facer unha boa valoración global. Sen dúbida repetiría a viaxe xa que paseino moi ben, aprendín unha chea de cousas. O único que cambiaría sería que na estancia nosa en Brighton puideramos estar en familias porque así estaríamos máis integrados no idioma, e sería como aprenderíamos realmente. Foi unha viaxe única que me encantou, e penso que foi unha recompensa por todo o noso traballo previo.